"As ferramentas do amo nunca destruirán a casa do amo" Audre Lorde

arredista! 19

Movemento Galego ao Socialismo 1 de maio de 2018

www.mgs.gal

arredista!

Número 19
1 de maio de 2018

Edita
Movemento Galego ao Socialismo

Coordenador
Óscar Valadares

Corrección lingüística
Diego Santório

Deseño e maquetación
Inácio Pavón

Local nacional
Avenida de Castelao, 30 baixo
15704 Compostela (Galiza)
www.mgs.gal
nacional@mgs.gal
facebook.com/mgsgaliza
twitter.com/mgsgaliza

Tiraxe
2000 exemplares

Permítese a reprodución total ou parcial citando a fonte

MGS
MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO

EDITORIAL

Hai un mundo onde, hoxe — mentres les este editorial —, habería unha nova república a nacer aos pés do Mediterráneo. Nese mundo, as persoas non son encarceradas por defenderen a soberanía dos seus países, nen por faceren cancións, nen por escribiren tuits. Nese mundo, a poboación civil siria non é bombardeada desde Washington para apoderarse de máis un recanto do planeta, nen Lula vai a prisión por ser favorito para gañar as eleccións, nen imperialismo trata por calquera medio de facer descarrilar a integración latinoamericana, de acabar coa Revolución Bolivariana e coa de Cuba.

Ese mundo existe porque o imaxinamos, porque sabemos o que significa a xustiza social e o que significa a explotación. Mais non nos serve de nada se non o materializamos. A nosa clase, a que todo o produce e transforma, é a única capaz de lle dar forma de maneira definitiva, a única que pode construír a alternativa política e social. E é iso, que, na realidade, xa sabiamos, o que reivindicamos hoxe, máis un Primeiro de Maio que trae consigo máis un número do Arredista! centrado no mundo do traballo.

Nesta edición debullamos a fraude das pensións, o sometemento da nosa economía aos intereses extractivistas e a perversión da legalidade para privilexiar os intereses do poder económico mentres se persegue a disidencia política no Estado español; refletimos sobre o papel do sindicalismo na loita pola emancipación nacional e sobre como contribúe a desvendar as contradicións esenciais entre capital e clase traballadora; coñecemos un exemplo de loita obreira de éxito na greve de tres meses do 112-Galiza; debatemos sobre as perspectivas que abriu este 8 de Marzo con tres das súas protagonistas e reivindicamos a vixencia do marxismo douscentos anos despois do nacemento de quen o inaugurou. E todo isto nun momento en que a opción dunha greve xeral volta ás rúas da man da CIG, á procura dunha resposta contra a política de desmantelamento do ben común lanzada desde as nacións que o Estado español nega unha e outra vez.

SUMARIO

3 O ATAQUE CONSTANTE ÁS PENSIÓNS **6** A RAZÓN DE SER DO SINDICALISMO NACIONALISTA DE CLASE **8** ENTREVISTA A XIMENA GONZÁLEZ, LUCÍA FREIRE E XANDRA MARTÍNEZ **12** DIREITO E DIREITOS COMO MERCADORIA **14** PERVIVENCIA E MORTE NA IDEOLOXÍA DO ESTADO **16** RESPONSABILIDADE PÚBLICA NAS DESFEITAS MINEIRAS **18** MARX CONTEMPORÁNEO **20** ENTREVISTA AO COMITÉ DE EMPRESA DO 112 **22** RECOMENDAMOS

O CONSTANTE ATAQUE ÁS PENSIÓNS PÚBLICAS

Antolín Alcántara

O motivo polo que, de maneira permanente, se pon en dúbida a viabilidade do sistema público de pensións obedece a unha lóxica natural e propia do sistema en que vivimos. O capitalismo exerce unha presión constante sobre todos aqueles dereitos que ao longo da historia, a clase traballadora conquistou con innumerábeis loitas, coa esperanza de asegurarse unha vida digna. As pensións públicas fan parte das mesmas loitas que no seu tempo histórico fixeron posíbel termos hoxe dereito a vacacións, a unha xornada de traballo máxima e regulada, a negociar os nosos convenios colectivos, á protección da nosa saúde e á asistencia sanitaria, a unha educación pública ou a todas aquelas proteccións que nos amparan limitadamente fronte ao desemprego, etc. Todas estas conquistas experimentan o mesmo acoso e ataque que as pensións, e todas elas están permanentemente en perigo por esa natureza depravada de acumulación que explica a xénese irreversíbel do capitalismo. Trátase do reparto e distribución da riqueza e do resultado actualmente desigual na relación de forzas entre capital e traballo; da loita de clases.

Cando falamos das pensións asumimos o discurso potente e aniquilador que hai máis de trinta e cinco anos inaugurou o poder, gobernando daquela o PSOE con Felipe Gonzalez como presidente do goberno. Todo este discurso reproducido e amplificado obsesivamente polos medios de comunicación propaga a idea de que o sistema de pensións públicas non é sustentábel, que os ingresos por cotizacións non suportan os gastos, e que o futuro do sistema está practicamente en quebra. Toda esta alocución poderosa e sistemática pretende someter a resistencia da clase traballadora a todas estas reformas, levándoa a aceptar que, se renunciar progresivamente a grande parte das súas coberturas, ficará algo que poida salvar do naufraxio, aínda que iso signifique pensións asistenciais mínimas e de pobreza extrema.

Pero esta versión apocalíptica fai parte de toda esa estratexia de ataque ao público, que neste caso vai de transferir a riqueza que capitalizan as pensións públicas aos fondos privados asistidos polos bancos e aseguradoras. Temos que saber e temos que transmitir que o sistema de pensións públicas non é deficitario, que sobran recursos e ingresos que o Estado deliberadamente non transmite ás pensións, como o IRPF que os e as pensionistas pagan á Facenda — que, por exemplo, no ano 2017 superou os 9.000 millóns de , e que nos últimos dez anos se eleva por cima dos 70.000 millóns. Por que este diñeiro que corresponde ás pensións non se reingresa na Seguridade Social para o mesmo fin?

O resultado destas campañas alarmistas difundidas en grandes titulares nos medios de comunicación en todos estes anos crea un estado de opinión que estimula a contratación de fondos privados. O cadro de evolución destes fondos no tempo mostra de xeito significativo o resultado: a multiplicación exponencial dos mesmos. No ano 1990 o total destes fondos era de 320 mil, no ano 2000 de 3'5 millóns e no ano 2017 supera xa os 8 millóns. Pero aínda máis insolente é a decisión de alimentar publicamente estes fondos con desgravacións fiscais, polo que o Estado deixa de ingresar máis de 4 mil millóns de euros por ano — que poderían e deberían ingresar na caixa das pensións públicas.

Outra decisión política nada inocente e que lesiona os ingresos públicos é a indulxencia con aqueles e aquelas que cobran salarios superiores aos 3.500 por mes. A partir desta cantidade non se cotiza á Seguridade So-

cial. Mais convén porlle rostro a estes beneficiarios porque son aqueles con responsabilidades nas direccións das grandes empresas, bancos, grandes bufetes de avogados, etc.; que traballan directamente para o capital e que totalizan unha cifra próxima de 1'6 millóns de persoas, acaparando o 23% da riqueza total da clase traballadora que no Estado supera os 19 millóns de ocupados. Por esta xenerosidade condescendente, o Estado deixa de ingresar unha cifra superior a 2 mil millóns de euros cada ano, furtando este capital — como non? — ás pensións públicas.

Por outra parte, a historia das reformas que ciclicamente veñen atacando as pensións non ten nada de novidoso; o argumento é sempre o mesmo e non importa que partido gobernar: sempre recorre ao incremento na esperanza de vida e ao desequilibrio financeiro entre ingresos e gastos. Non nos paramos a pensar que, como dereito que non nos regalaron, calquera défice debe ser compensado cos ingresos ordinarios do Estado. E, así, aceptamos que se poida gastar na Casa Real; na igrexa católica; en orzamento do exército e armamento como se tivesemos

unha ameaza permanente de guerra; en fundacións franquistas; en bonificar contratos precarios temporais e parciais cando, ben ao contrario, deberían estar penalizados; en axudar os corsarios da banca e darse o luxo indecente de modificar o imposto de sociedades para que, por exemplo, nestes últimos dez anos estas entidades — obtendo uns beneficios brutos por riba de 80 mil millóns de euros —, non pagasen un céntimo á Facenda, etc. Pero contabilízase severamente que o Estado deba compensar de maneira extraordinaria algunha cantidade para as pensións.

Cada reforma en que son atacados os dereitos sociais, ben sexan as pensións, ben a sanidade, o ensino público, as prestacións por desemprego, as reformas laborais, etc; vén precedida dunha campaña agresiva en que colaboran acompasada e incondicionalmente os medios de información do sistema, e nas que podemos observar a participación dos sindicatos CCOO e UGT; desacreditados por tanto para calquera solución digna na defensa das pensións.

A primeira reforma das pensións aprobada en 1985 polo PSOE elevou o tempo para calcular a pensión dos últimos 2 anos a 8, e de 10 a 15 anos para ter dereito á mesma. Non agardarían demasiado para voltar reformalas, e en 1997 o PP en alianza co PSOE, os empresarios e CC.OO. e UGT decidiu elevar os anos para o cálculo de 8 a 15. Golpe tras golpe volven ser reformadas cos mesmos interlocutores no ano 2011, esta vez con máis dureza, elevando todas as referencias para acceder ás pensións e reducindo a súa cantidade, pasando de 15 a 25 anos para o cálculo e de 65 a 67 anos de idade para o acceso, aplicando aínda un "factor de sustentabilidade" para o 2027. O PP decidiu despois adiantar este factor para 2019 na última reforma do 2013 e deixar sen efecto a revalorización anual do IPC, aplicando apenas 0,25%.

O resultado de todas estas reformas foi que a cobertura das pensións se reduciu sensibelmente. No caso galego eleva o número de pensións inferiores ao salario mínimo a preto do 60% — no Estado esta cifra representa o 44% —, porcentaxe que se irá incrementado polo efecto de aplicación directa dese factor de sustentabilidade que reducirá a contía das pensións cada ano polas variábeis de corrección que aplicará o goberno. En total unha rebaixa nunha porcentaxe non inferior o 0,5%.

Pero, distintamente das reformas directas que afectan as pensións, outro factor que impacta na cobertura das mesmas son as brutais reformas laborais que atacaron o mundo do traballo, e que tanxencialmente afectaron o réxime de contratación, máis precario, temporal e parcial, con menor defensa ante os despedimentos e cunha impunidade absoluta das empresas para multiplicar a fraude nas xornadas de traballo e nos salarios, permitindo non aplicar os convenios colectivos, conxelalos indefinidamente ou mesmo reducir os salarios por modificacións substanciais das condicións de traballo ou vía convenios de empresa.

De maneira especial, a reforma laboral do ano 2013 aplicada polo PP está a ter un efecto demoledor nas rendas da clase traballadora e, por defecto, nas pensións. Os salarios totais da clase traballadora desde o ano 2008 a 2017 — tendo nestes dous anos o mesmo número de ocupados e ocupadas — descendeu en 24 mil millóns de euros por ano, e en consecuencia, a cotización á Seguridade Social caeu en 9 mil millóns de euros. Por tanto a pobreza nos salarios suporá pensións menores, sen esquecer a caída de anos de cotización polo efecto da precariedade dos contratos e pola incorporación tardía da mocidade ao traballo. Unha proxección a vinte anos con todos estes indicadores xa desvela un futuro de pobreza no que as pensións inferiores ao salario mínimo constituirán preto do 70%. Dificilmente as pensións dos nosos maiores nese tempo poderán ser suporte económico e de auxilio vital ante eventuais situacións de crise e masivo desemprego como as que vivimos recentemente. Que sociedade nos agarda se non modificamos esta tendencia á pobreza absoluta?

Correspóndenos dar resposta a estas criminais reformas que nos deixan sen esperanza. Sabemos que enfrontamos un sistema que non deixa de se apropiar da riqueza que pertence á clase traballadora; e sabemos que a loita de clases como constante e resultado pode alterar o estado de indefensión que estamos a vivir. O capital non ten punto de inflexión e non cesará na expropiación dos nosos dereitos. Transmitamos o contraste da realidade, deixemos en evidencia as mentiras coas que protexen as súas reformas e leis, e sobre todo preparémonos como clase para transformar o noso futuro e o de todas as persoas que queremos unha vida digna. Nós, as galegas e os galegos sempre enfrontamos a Historia; o noso pobo debe ser protagonista no desenlace histórico. ■

Antolín Alcántara é sindicalista.

A RAZÓN DE SER DO SINDICALISMO NACIONALISTA DE CLASE

Pepe Maio

Só a ruptura da dependencia colonial de Galiza a respeito do estado imperialista español e, por conseguinte, a construcción dun estado galego independente pode garantir condicións de traballo e de vida digna á clase obreira e ao conxunto das traballadoras e traballadores galegos. Esta idea forza encamiñou desde hai mais de corenta anos a acción da militancia sindical nacionalista e alumou diversas expresións organizadas que, tras os avatares propios dos proxectos en constucción, abocaron na consolidación da actual Confederación Intersindical Galega. A escasa teorización académica durante todos estes anos sobre a relacion dialéctica entre a loita obreira e a loita de liberación nacional non foi óbice para que non se xerasen no propio movemento obreiro profundas análises sobre a caracterización da nosa existencia como nación dependente, necesitada de soberanía, e de como esta realidade determina definitivamente a loita de clases no noso país, e polo tanto a extratexia para a construcción dunha sociedade sen explotación que non pode ser outra que o socialismo. Lonxe de perder vixencia co paso dos anos, a bandeira da soberanía nacional presidiu sempre a loita no día a día do sindicalismo nacionalista galego, sen que por desgraza isto fose impedimento para o avance da españolización da clase traballadora.

O sindicato primeiro contacto coa realidade nacional galega

Así como múltiples son as causas que levan a un traballador a tomar contacto co sindicato, a aderir á sección sindical no centro de traballo ou a dar o paso para ser representate no comité de empresa, tamén é dispar o evoluír de cada quen unha vez ingresa no sindicato. Se quixermos estraer un común denominador do perfil dunha traballadora estaríamos a falar dunha persoa que vive unha situación de inxustiza ou de vulneración dos seus dereitos, e procura apoio e asesoramento en quen considera que pode ofrecerllo coa máxima garantía. Son inmensa minoría as persoas que toman contacto co sindicalismo cun posicionamento ideolóxico claro, concordante cos nosos obxectivos estratéxicos de liberación nacional e social de Galiza. Máis ben é todo o contrario. A realidade é que no plano social, a aceptación da orde democratico-burguesa, a ilusión da vía legalista para combater a explotación, en definitiva, a asunción da ideoloxía dominante e o desclasamento son os rasgos propios de calquera obreiro ou obreira que se achega pola primeira vez ao sindicato. De igual maneira no plano nacional a "desnacionalización", o complexo de inferioridade, a mentalidade diglósica e mesmo a defensa dun españolismo instintivo — que non político — tamén é o propio de calquera persoa traballadora víctima do bombardeo constante da propaganda dun rexime que ten como obxectivo a nosa desaparición como nación, e que non deixa de inocular a todas as horas resignacion e autoodio.

Con esta realidade complexa o papel que debe xogar o sindicalismo nacionalista é precisamente o de exercer de parapeto e de contrapoder para a ofensiva frente ao avance dun españolismo desbocado, remarcando en todo momento — como sempre, pero agora máis que nunca — a relación das precarias condicións de vida e de traballo do proletariado galego coa dependencia colonial de Galiza.

Ningún dos problemas que sofremos, e que mesmo son socialmente percibidos como inxustizas para co noso pobo, se poden desvincular da nosa condicion de nación politicamente oprimida e economicamente de-

pendente. Xa falemos de desemprego ou de precariedade laboral, de expoliación dos nosos recursos ou de destrución do medio, de agresións á lingua ou ao patrimonio, de emigración xuvenil ou de pensións miserentas, estamos sempre a falar das consecuencias de non sermos donos do noso propio estado soberano e non só dos efectos de vivir baixo o sistema de explotación do capital. É polo tanto imprescindíbel que a clase traballadora galega perciba o sindicato non só como a organización que lle vai prestar todo o apoio e orientación no momento que o precise, que polo xeral é o momento do conflicto capital-traballo, senón como a organización que lle ofrece a posibilidade de comprender a realidade na que vive, o por qué desa realidade, o común desa realidade a todo o pobo traballador galego, e en consecuencia a necesidade da independencia nacional como indisociábel da loita pola xustiza social.

Un discurso independentista cos pes na Terra.

A concepción do sindicato como un instrumento de loita e de contrapoder, cuns obxectivos estratéxicos definidos de liberación nacional e social do pobo galego que lle da sentido a súa existencia, debera ser — e así é en certa medida — o propio de quen xa asume un determinado nivel de implicación coa organización.

Sendo inmenso o esforzo feito non últimos aos, e que se continúa a facer, no que respecta a formación politico-sindical dos delegados e delegadas, e sendo asimesmo moi salientábel a parte orientada ao estudo e discusión da cuestión nacional sempre en chave soberanista, segue sendo moito o traballo pendente se perseguimos que cada un de nós sexa un axente activo no seu ambito para a difusión do proxecto soberanista e a neutralización da propaganda do españolismo.

O proceso independentista en Catalunya demostrou a inmensa capacidade do rexime de pór en funcionamento ao unísono todo o aparato de estado (forzas represivas, xudicatura, gran patronal, medios de comunicación, etc...) para desartellar o movemento soberanista. E demostrou asimesmo que, ao cabo, son a forza do pobo organizado, a mobilización social masiva e a acumulación de forzas a redor de consignas claras as que poden pór en xaque a España unitaria.

Levar até as ultimas consecuencias a propia razón de ser do sindicalismo nacionalista galego implica pasarmos a primeiro plano a necesidade de construción dun estado independente, non como entelequia remota senón como a única posibilidade real de poder vivir e traballar dignamente na nosa Terra. Un camiño que non vai ser doado, que decerto non vai dar froito no inmediato, e que supón asumir que cómpre sementar pacientemente no frente sindical para ir forxando unha militancia obreira blindada, único alicerce posíbel que termará do proceso de construción da nosa república — galega, independente e ao sevizo da clase traballadora. ■

Pepe Maio é secretario comarcal da CIG de Compostela.

XANDRA MARTÍNEZ, XIMENA GONZÁLEZ E LUCÍA FREIRE

Este último 8 de marzo removeu algo máis que as rúas en centos de países, tamén, por suposto, na Galiza. Para reflectir sobre as consecuencias daquela data e das perspectivas que abre, falamos con Ximena González, traballadora precarizada no sector da limpeza, ex-concelleira do BNG en Ourense e membro da coordenadora europea da Marcha Mundial das Mulleres; con Lucía Freire, traballadora do sector do comercio de alimentación, membro da Executiva Confederal da CIG e secretaria da muller do sindicato en Compostela e con Xandra Martínez, traballadora industrial e activista feminista en Vigo. Tres voces protagonistas para analisar o momento desde ópticas diversas e complementares.

Como avaliades o resultado das mobilizacións do 8M? Sorprendeu o seu carácter masivo?

Xandra Martínez: Penso que foi un grande éxito. Nos últimos anos vénse incrementando o seguimento, pero este ano para min foi unha sorpresa. É motivador ver tantas mozas novas e despolitizadas sumándose ás convocatorias, rachando prexuízos. As demandas eran básicas e levaban moitos anos na axenda feminista, polo que de entrada eu era escéptica canto ao seguimento; segundo se achegaba a data e aumentaba a cobertura mediática, aumentaba tamén a presenza nas conversas cotiás. Foise evidenciando que o feminismo estaba na palestra, aínda que non se agardase esta resposta masiva.

Ximena González: Xa o ano pasado houbo un incremento significativo do 8M pero este ano desbordou todas as previsións. Alén diso, penso que o resultado só o poderemos valorar completamente de aquí a uns meses, e terá que ir ligado a cantas mulleres se incorporan ao día a día do activismo. Como convocatoria puntual e síntoma de que as posicións do feminismo estan reforzadas foron unhas mobilizacións magníficas, mesmo nun contexto de debates e ataques moi fortes ao movemento político, con casos mediáticos maltratados nos medios de masas, propostas cos ventres de alugueiro de plena actualidade política, etc. Agora, con este desborde e este optimismo temos o reto de organizar máis mulleres.

Lucía Freire: Para min xa foi un éxito ver nas visitas previas aos centros de traballo a boa acollida que tivo a convocatoria. E nen de lonxe agardaba unha resposta tan masiva. Este éxito danos azos para continuar e facer que nos vindeiros anos medre a implicación aínda máis.

Nese éxito xogaron un papel importante o sindicalismo de clase e o movemento feminista, que comparten moitos espazos mais representan tradicións de loita e organización diferentes. Poden nacer novas sinerxias?

X. M.: Creo que se fixo un grande traballo desde ambos os polos, pero botei en falta mais coordenación e colaboración entre feminismo e sindicalismo, porque en certos momentos mesmo parecía haber rivalidades. Coido que para que a convocatoria continúe a medrar cómpre reforzar o traballo conxunto e vincular os esforzos deixando atrás a desconfianza. Unha greve de mulleres exitosa non se pode organizar de costas aos sindicatos, e tampouco se pode silenciar o activismo feminista que pon na mesa estas reivindicacións durante todo o ano.

X. G.: O movemento feminista, como tantas veces, voltou ser vangarda e dar pasos adiante que os sindicatos acompañaron moi timidamente. O feminismo reclamaba unha greve de 24h pola forza simbólica e porque dalgún xeito víase forte para a levar adiante. Os paros non foron satisfactorios para o campo activista, mais para ser a primeira proposta deste estilo no campo sindical conseguiron mobilizar mulleres que nunca antes o fixeran.



Penso que o futuro é necesariamente de colaboración, de traballo máis de base do activismo feminista en relación ás mulleres e á cuestión de clase e de máis valentía das estruturas sindicais, porque as mulleres dos sindicatos si estiveron á altura e traballaron arreo por este 8M histórico criando redes que veñen para ficar. O ano que vén toca que as estruturas, fondamente masculinizadas, acompañen máis que desta volta.

L. F.: O éxito demostrou que o traballo feito tanto polo movemento feminista como polos sindicatos foi importantísimo. Traballamos a esgalla durante meses en debates, reunións, asembleas, visitas ás mulleres nos seus centros de traballo, axitación nas rúas... pero eu tamén botei de menos unha colaboración máis estreita, que había dar aínda mellores resultados. O que é primordial para min é que todas respeitemos e valoremos o traballo de todas.

Nun tempo de retroceso de dereitos e recesión dos valores transformadores, o feminismo é un dos poucos movementos sociais que consegue medrar e avanzar socialmente. Cal é a receita deste éxito?

X. M.: O discurso oficial que anula a consciencia de clase está moi estendido e grande parte dos traballadores que non se identifican co suxeito oprimido consideran alleas moitas reivindicacións que si lles afectan. Por outro lado, a maioría das premisas deste ano eran transversais, aglutinadoras e duns mínimos asumibles pola totalidade das mulleres, e aplicaban incluso ás mulleres acomodadas, que a pesar de ser minoría contan con maior visibilidade. Nestas circunstancias non é necesaria unha toma de conciencia profunda para identificarse co suxeito oprimido. Por outro lado, nos últimos tempos estase a normalizar o termo feminismo, moi demonizado anteriormente.

X. G.: Como di Xandra, un vector importante é unha axenda transversal e aglutinadora que permita recoñecerse suxeito da opresión. Non é difícil entender as violencias cando dun ou doutro xeito te atravesan, ocupes a posición que ocupares. Mais eu defendo que este 8M foi unha vitoria do feminismo marxista. Non por acaso se emprega unha ferramenta histórica do movemento obreiro para dar un salto de cualidade, colocando ademáis no centro do debate — na Galiza e no mundo — a reprodución da vida fronte ao capital. Ben seguro que non todas as mulleres, nen a maioría, saíron á rúa conscientes de como patriarcado e capital nos someten, pero esa é en todo momento a análise de fondo desta convocatoria, a axenda política. E esa é unha vitoria nosa en todo o mundo. A receita, se se pode chamar así, para min ten a ver con ser capaces de falar e explicar as opresións cun traballo continuo de deconstrución e construción de alternativas. E acho que a esquerda debera tomar nota de que falando colectivamente dos relatos de vida particulares podemos conseguir respostas colectivas moi fortes.

Este 8M foi unha vitoria do feminismo marxista, colocando no centro do debate a reprodución da vida fronte ao capital

L. F.: Totalmente de acordo. As mulleres cada vez máis somos conscientes do papel de suxeito oprimido, cousificado e violentado que nos reserva o capitalismo. Cobramos salarios e pensións máis baixas, sofremos máis eventualidade e máis parcialidade nos contratos, a nosa situación persoal pesa mais que a nosa formación ou experiencia profesional á hora de promocionar, o noso corpo é usado como obxecto publicitario ou como mercadoría, por non falar das violacións e asasinatos machistas que case a diario ollamos nos medios. Facer ver isto ás mulleres e a toda a sociedade creo que é o secreto.

E como avaliades o papel que tiveron algúns medios de comunicación apoiando a folga e as mobilizacións?

X. M.: Por un lado o apoio dos medios foi clave para achegar parte do discurso a sectores que doutro xeito non terían accedido a esta información, así como para normalizar a terminoloxía feminista e o fito de levar as reivindicacións ás rúas. Mais esta difusión ten un prezo, que é a rebaixa do discurso. Desde certos sectores avalíase o pasado 8M como un éxito das mulleres en xeral, apagando o papel do sindicalismo. Hai unha tendencia que promove a convocatoria de mobilizacións sen suporte ideolóxico e organizativo que aseguren a continuidade e o avance das demandas. Así, as súas reivindiacións son superfluas e as súas solucións non pasan dun pacto de estado que nada vai mudar. Non vai ser nos medios do capital onde se sinale precisamente a súa alianza co patriarcado.

X. G.: Os medios de comunicación de masas teñen dúas funcións: vender e asentar a hexemonía existente. Nesta ocasión viron a potencialidade de vender un discurso que se estaba a consumir con interese, e tiveron que adaptar a oferta, iso si, tirando toda a mensaxe dirixida precisamente a combater esa hexemonía. O resultado foi un chamado a unha folga case frívola sustentada no igualitarismo dentro do sistema capitalista e por suposto sen apelar a mudanzas profundas e sen sinalar as desigualdades. É certo que eses altofalantes multiplicaron a capacidade e a voz do feminismo organizado e o que nos toca a nós é aproveitala no noso beneficio.

L. F.: Se ben é certo que o papel dos medios axudou en grande medida a que mulleres que nunca secundarían unha folga destas características o fixeran, tamén temos que ser conscientes do porqué. Isto foi unha greve política, reinvindicativa e de loita, e non a folga rosa e festiva que tentan vender de maneira frívola Mediaset, Prisa ou A3 Media pola boca das súas colaboradoras máis mediáticas. O 8M non é un día para que as mulleres festexemos; é un dia de loita feminina en lembranza de mulleres que foron queimadas vivas polo patrón.

A convocatoria cuestionaba de raíz tanto o patriarcado como o capitalismo. Como entendedes que se relaciona o feminismo coa loita por unha transformación global do sistema?

X. M.: Desde a orixe do capitalismo a vida das mulleres estivo determinada pola dependencia económica dos homes. Coa incorporación ao mercado laboral non se eliminou esta dependencia; foi trasladada en

Isto foi unha greve política, reinvindicativa e de loita, e non a folga rosa e festiva que tentan vender de maneira frívola os medios

parte ao patrón. Hoxe, o sistema só se sostén sobre as condicións laborais precarias a que se nos somete e sobre o feito de que asumamos de balde os coidados e todos os traballos invisíbeis. Por iso é necesario buscar outra vía para a liberdade e a igualdade, centrada no común e no benestar das persoas.

X. G.: A análise da alianza capitalismo-patriarcado é o maior contributo do feminismo no século XX á loita de clase. Entendermos que o capitalismo sustenta as súas bases na explotación das mulleres a través dos mecanismos de reprodución da vida é básico para construírmos alternativas transformadoras. As nosas teóricas clásicas explicaron o papel das mulleres na loita obreira e o da familia como institución ao servizo da explotación capitalista, o feminismo do pasado século explicou como o traballo gratuíto de coidados sustenta a explotación capitalista e como isto se asenta a través da violencia estrutural, simbólica ou doutros tipos. E aí está a grande oportunidade: sermos capaces de explicar que o conflito é entre o capitalismo e a vida significa poder cuestionalo todo.

L. F.: Fica claro que o actual modelo sae beneficiado de manter a muller en desigualdade de condicións e que o traballo non remunerado do fogar e de coidados continúe a recaer en nós. Hai que recoñecerlle ao capitalismo a pericia para conseguir que moitas mulleres asuman como propio e irrenunciábel ese papel, e que se continúe a considerar o salario da muller un suplemento ao do home.

Tras éxito do 8M unha das principais cuestións a debate é como transformar as reivindicacións en mudanzas concretas. Será coa continuidade das mobilizacións?

X. M.: O que demostrou o éxito do 8M é que hai unha parte importante da poboación con inquedanzas neste campo. Agora é deber de todas dar resposta. Temos que manter na axenda estas reivindicacións e dotalas de contido.

X. G.: Creo que o máis positivo é ese propio debate porque dará pauta de como se vai encamiñar a loita feminista. O feminismo ten alternativas concretas para todos os ámbitos da vida, mais moitas delas exixen unha transformación persoal e colectiva da sociedade que non se pode enunciar como un aumento salarial ou unha lei determinada. Asumir colectivamente o traballo reprodutivo da vida son milleiros de cambios concretos na sociedade, quizais nen saibamos aínda a que nível. Eis outro reto xigante do feminismo. Isto tamén vai de que cada quen mire para dentro, para dentro das dinámicas persoais, colectivas e sociais.

L. F.: Xa demos un pequeno pero importantísimo paso, pero está claro que isto non pode ficar aqui. O noso traballo diario ten que estar relacionado con coller o relevo que este 8M nos pasou para que cada ano a loita vaia a máis. O obxectivo ten que ser a transformación dun sistema que nos oprime, nos desvirtúa e nos maltrata en todas as súas vertentes. ■

DIREITO E DIREITOS COMO MERCADORIA

Laura Rodríguez

Hoje, em Estados considerados democráticos, o princípio de separaçom de poderes é concibido mais como um ensaio de poder e influência do que como um dos princípios fundamentais que caracterizaria as verdadeiras democracias. Nestes Estados existe um parlamento, um governo e uns juízes. Através de eleiçons, é o povo que escolhe os parlamentários que irám designar um presidente com a misom de formar governo. Através dum sistema de selecçom — por sinal, anacrónico —, o poder judicial nomeia também os seus próprios agentes de governo, mas os magistrados das mais altas instáncias judiciais dependem do critério político, que é tanto como dizer que dependem da correlaçom das forças parlamentares. Por outras palavras: na prática, os três poderes clássicos convergem no plano político, de tal forma que o poder no seu conjunto (parlamentar, de governo e judicial) depende dumhas maiorias eleitorais que tenhem os seus próprios mecanismos de perpetuaçom — incluída a alternáncia pactuada entre umha série mais ou menos reduzida de forças dispostas a conservarem a estabilidade, o que significa dispostas a evitarem ou limitarem qualquer mudança de profundidade, real.

Há um motivo essencial para que isto seja assim, e que, aliás, explica a resistência destes poderes às mudanças que por lógica deveriam aparecer quando, eventualmente, a correlaçom de forças muda em direcçom a alternativas transformadoras ou revolucionárias. Porque, de facto, neste tipo de Estados existe também um poder económico — hoje essencialmente financeiro —, um poder oculto e opaco, mas de transcendental influência, que também joga a consolidar o status e a formular umha institucionalidade estável e favorável aos seus interesses. O poder económico, pois, respalda os partidos maioritários em troca dumha contraprestaçom em forma de lucro à custa do bem comum.

A influência do poder económico sobre o direito é tal que deforma mesmo os seus princípios básicos e chega a avançar na privatizaçom das normas jurídicas. Assim, o direito público é desestabilizado ao ter que coexistir com outro direito ditado por agentes alheios à vontade popular. O Banco Mundial, o FMI ou o Banco Central Europeu e, no marco do TTIP e doutros tratados semelhantes, mesmo tribunais empresariais (sic) projectam um direito criado ad hoc para proteger os intereses do grande capital. Em resumo, no ámbito da globalizaçom neoliberal, a lei e as relaçons económicas vem-se submetidas a um regime de pactos assimétricos que vam suprimindo as normas parlamentares gerais, fragmentando-as e retorcendo-as a favor das classes dominantes. Deste modo é que se consegue a anulaçom dos procedimentos jurídicos, a deslocaçom da separaçom de poderes e, em consequência, o detrimento da soberania dos povos e naçons.

Sob esta máxima, o direito vai-se transformando em mais umha ferramenta de submissom e opressom das maiorias sociais. O Estado espanhol mostra, nesse sentido, inúmeros exemplos, desde a eliminaçom da justiça universal e a perseguiçom judicial para terminar com a dissidência política — o cenário preferido por quem assume a visom homogeneizadora e filofascista do Estado — à reformulaçom da legislaçom laboral em direçom à sua supressom definitiva — o cenário preferido polo grande capital.

À vez que estes mecanismos mercantilistas do direito se vam consolidando, é a cidadania a que fica afastada de qualquer exercício real de poder. Esta utilizaçom das normas jurídicas ao serviço dos interesses par-

ticulares — e mesmo individuais — supom considerar a democracia como apenas umha palavra de ordem já esvaziada de significado, e a sua base legal como mais umha mercadoria à venda numha praça, onde os direitos humanos som substituídos polos benefícios empresariais.

Porém, a consequência directa disto todo, desta instrumentalizaçom e desta mercantilizaçom nom se limita apenas ao direito como prática do poder judicial, como também afecta aos direitos como marco exigível de referência: direito à vivenda, direito à educaçom, direito à saúde, direito de autodeterminaçom e outros direitos colectivos e dos povos. Digamos que a esta tendência a converter o direito em produto de mercado há ainda que engadir a visom subsidiária que se tem, de maneira específica, dos direitos colectivos. Nesse marco, esses direitos colectivos, que foram conquistados sem grande entusiasmo por parte dos sectores dominantes, ficam relegados a umha posiçom secundária numha hierarquia de garantias públicas com umha protecçom já fraca por si.

Completada a transformaçom, já nom é só que sem um direito que assegure o trabalho, por exemplo, as bases para umha democracia consolidada e com respeito polos direitos colectivos se vejam comprometidas; é que, sob a premmisa de que nom há recursos públicos, o que se fai é abrir a porta à iniciativa privada, que os oferece como mercadoria acessível apenas para quem puder pagá-los. O que significa que a cidadania deixa de ser titular de direitos para se converter em consumidora de ben ou serviços mercantis. Esse questionamento aponta face a umha descomposiçom do sistema de direito e de direitos: as normas privadas imponhem-se sobre os direitos humanos.

Ademais de para destruir direitos laborais e sociais, a crise, empurrada polo poder económico e baixo a proteçom deste poder judicial orientado é empregada para atacar movimentos sociais que se oponham a estas regras. O objectivo nom é outro que a desagregaçom do colectivo até ao nível dos indivíduos que, isolados, nem sequer igualam o poder colectivo capaz de exigir os seus interesses sociais e criar os marcos em que podam chegar a se efectivizar. Por isso, o reto é claro: revrerter esta involuçom, resultado da anulaçom de facto da separaçom de poderes, e recuperar a fase ofensiva para materializar novos avanços. E isso requer recuperar e reconstruir a democracia e restituir a funçom originária do poder judicial. Doutro modo será impossível. ■

Laura Rodríguez é responsábel local do BNG de Sada.

PERVIVENCIA E MORTE NA IDEOLOXÍA DO ESTADO

Alba Fidalgo

A medida que polas televisións e a internet circulan os vídeos de varios ministros españois a se proclamaren noivos da morte, literalmente, e mentres as bandeiras do leviatán aparecen a media haste en sinal de dor institucional polo asasinato do deus cristián, apodérase da masa crítica a idea de que España continúa ancorada no pasado franquista, naqueles días de sotanas omnipresentes, de militares grandilocuentes e de NO-DO. Haberá quen diga, inclusive, que a España continúa instalada nunha especie de tardofranquismo, a cabalo entre o desenvolvimentismo e a mantilla. Hai outra masa, porén, que reaxe rapidamente a pedir calma e asegura, ao contrario, que a relixión ten cada vez menos peso na sociedade, que o exército xa non ten a proxección pública de hai medio século e que os noticiarios en branco e preto foron hai tempo substituídos por emisións a cor en ultra alta definición, por canais dixitais e polas redes sociais, que por seren iso mesmo — redes — son descentralizadas e esencialmente libres.

E é verdade: a substitución das formas foi un dos elementos máis interesantes da chamada Transición española, probabelmente porque foi un dos poucos elementos da mesma. Mais unha cousa son as formas e outra ben diferente é o fondo. Ecoa na memoria aquela nota do Parlamento galego en que se instaba as súas señorías a non se deixaren ver de mans dadas co narco. Non dicía nada de verse ás agachadas e continuar co negocio. De novo, as aparencias, a xestualidade.

A mudanza de rexistro e a inauguración dun marco apresentado como democrático materializouse, certo, canda outras inauguracións que parecían marcar o ritmo de novos tempos. A aparición, por exemplo, de canais privados de televisión como T5 ou Antena 3 foi o equivalente da época á chegada do turismo nórdico en biquini na década de 1960: así era a imaxe da España a avanzar. O progreso xa non se exhibía como internacionalización económica, senón como unha nova pluralidade. Todo foi mudando de fasquía, inclusive o humor, que pareceu inaugurar unha nova sofisticación que fuxía do vello modelo. Os chistes de gangosos deixaban paso ás piadas con enxeño e sarcamo en formato late night show, que podían — por fin — trabar o goberno sen perigo de desaparecer no último calabouzo. O resultado, para quen participaba daquilo, evidenciabase en forma de abismo. Como ía ser España a mesma da ditadura se había, de repente, aeroportos por toda a parte, ferias no estranxeiro, decenas de canais multimedia a dispor e mesmo algúns e algunhas que se proclamaban publicamente comunistas ou independentistas e non lles pasaba nada?

E, porén, da noite para o día — parece — os tribunais comezaron a encherse de persoas cuxas piadas trababan demasiado ou onde non conviña, e de persoas que decidiron pasar do pensamento disidente á acción disidente e, por iso mesmo, se tornaron perigosas. Da noite para o día, as ducias de medios de relevancia comezaron a contar as mesmas cousas da mesma maneira, e a calar as mesmas cousas coas mesmas escusas, e o exército emitiu un comunicado de posta a dispor para sacar os tanques ás rúas na Catalunya — e non só na Catalunya —, e a policía a exhibir suásticas e a cantar «a por ellos» e os ministros comezaron a proclamar que son (sic) os noivos da morte.

Sobre o porque desta mudanza poderían escreberse teses enteiras. Non hai un único motivo nen unha única panca que explique esta troca apresurada de rexistro, nen o por que do momento escollido. Parece, con todo, que estexa relacionado co medo a perder o control e cunha resposta prepolítica

e non demasiado meditada. Mais, alén diso, o que está claro, o que é si evidente, é que non se trata dunha fase nova, senón dunha reaparición. Fase nova e reaparición son cousas distintas: a primeira significaría que diante da desintegración do Estado unitario — que ameaza o privilexio das elites coloniais dentro do Estado e do grande capital radicado no seu centro —, se recorre á sublimación de España como concepto-refuxio e que isto se materializa cunhas formas concretas que máis ou menos coinciden coas do franquismo, mais que poderían ter coincidido con outro modelo ultraconservador; a segunda, que as vellas formas nunca desapareceran de verdade, que continuaban ali, ocultas por trás dunha cortina grosa que agora se descorre porque o fondo fascistoide que as suporta nunca foi de verdade removido. A diferenza é subtil, mais importante.

Por outras palabras: non é que o Estado español estexa agora a pór fin a unha fase de tres décadas nas que, de maneira máis ou menos sincera, quixo evoluír en dirección a unha certa normalidade democrática — aínda dentro dos limites estreitos que define o sistema capitalista —, que agora se trunca porque aos comandos está un poder asustado, o que significaría que con outro poder a resposta podería ter sido diferente. Non é iso. É que, de facto, conservando todos os resortes do Estado fascista — con características ibéricas, se se quer — o camiño da democratización das décadas anteriores era só un camiño de aparencias, necesario para homologarse ao escenario europeo despois de comprobar nos anos da autarquía que o isolamento era prexudicial para as contas de resultados. Se tivese sido o primeiro caso, a transición, por coidadosa e suave que quixese ter sido, debería ter removido os marcos que quedaran atados e ben atados. Sen embargo, a continuidade do poder xudicial do franquismo, o ascenso dos torturadores dentro das estruturas policiais, a continuidade de aparatos lexitimadores como a Fundación Francisco Franco — impensábel noutros países con experiencia en ditaduras fascistas — e a tendencia sociolóxica a crer que os problemas se solucionan con man dura e orde, mesmo se para iso hai que conculcar os máis básicos dereitos civís —, todo iso aponta no sentido contrario. Hai un motivo para todo isto. Catro décadas de ditadura non ensinan a construír democracia; e sen practicar cortes reais, isto é, mantendo as estruturas vellas, non pode nacer nada novo. Por iso a receita democrática exixe ruptura. Non é un capricho. É que, sen iso, non é posíbel saír deste ciclo interminábel de odio e medo. ■

Alba Fidalgo é traballadora da automoción.

RESPONSABILIDADE PÚBLICA NAS DESFEITAS MINEIRAS

Fins Eirexas e Macías López

O aproveitamento dos recursos mineiros ten sido sempre obxecto de fortes controversias: ambientais, sociais, políticas… As administracións, xa dende o franquismo — que, por certo, pervive aínda na normativa mineira (Lei de Minas 22/1973 — lexislaron para favorecer a minaría por riba de calquera outro uso do territorio, por exemplo a través da consideración automática da utilidade pública de permisos e concesións, coa conseguinte aplicación da Lei de Expropiación Forzosa — de 17 de decembro de 1954, por certo, outra norma franquista vixente —, prazos de concesión de até 90 anos, etc. E así ficou durante todo o fraguismo.

A Lei da Minaría de Galiza 3/2008 aprobada durante a etapa do bipartito tentou introducir certas cautelas ambientais e sociais na planificación mineira: necesidade dunha planificación sectorial previa, obrigatoriedade dos planos de restauración, carácter determinante dos informes preceptivos, maior capacidade de decisión dos concellos, prazos de exposición pública máis dilatados, organismos de participación social como o Consello da Minaría… Porén, o aproveitamento dos recursos xeolóxicos estaba aínda lonxe dun aproveitamento racional e compatíbel cos outros usos ambientais e sociais do territorio.

Na era Feijóo, caracterizada pola demolición sistemática da planificación precedente, a minaría voltou ser ama do territorio para regocixo da patronal mineira. O demoucado da Lei 3/2008 foi sistemático: foi suprimida a determinación do informe municipal, reducíronse os prazos de exposición pública e limitouse a emisión de informes, desapareceu o carácter determinante dalgúns destes informes, e os trámites (incluídos os de utilidade pública e os de expropiación forzosa) acabaron colapsados nun mesmo acto administrativo… Galiza é unha mina, e calquera outra consideración — saúde, ambiente, etc. — resulta secundaria.

Mais na planificación e desenvolvemento mineiro, as responsabilidades dunha administración non se limitan á súa acción lexislativa ou política: existen tamén responsabilidades xudiciais e mesmo penais por accións e omisións que inducen graves impactos ecolóxicos, riscos para a saúde e perdas ao erario público, que en definitiva amosan unha corrupción estrutural.

Como pode xustificarse senón a sistemática e continuada comenencia coas empresas mineiras e que, como no casos do Monte Neme, de San Fins, de Touro, das Pontes, das canteiras e louseiras do Courel, da Limia… remataron en hipotecas ambientais que ninguén quere pagar? Proxectos de restauración incumpridos, verteduras contaminantes durante anos, paisaxes lunares, desfeitas patrimoniais e desertificación demográfica, nada disto todo sería posíbel sen a complicidade de quen senta nos despachos oficiais.

Como sinalou recentemente o Fiscal de Medio Ambiente na súa denuncia pola contaminación da mina de San Fins, débese investigar se a falla de tratamento e xestión dos residuos máis perigosos da mina e se as verteduras de augas con metais pesados durante anos se deberon á falla de control e omisión de sanción por parte da administración.

A ausencia de estudos de impacto, a omisión de trámites, os informes técnicos cuestionábeis ou a transmisión de dereitos e responsabilidades opacas, non serían posíbeis se só un termo do binomio empresa-administración é o que está podre. Velaí o longo ronsel tóxico que enfía tantos

proxectos mineiros cuxas consecuencias aínda sofremos e cuxas responsabilidades fican impunes.

Mais tampouco serían posíbeis sen unha orientación deliberada da nosa economía cara ao extractivismo, un aspecto en que o entendemento entre o grande capital e as administracións públicas é total, porque beneficia a ambas. Por unha parte, as empresas encontran nese modelo todas as facilidades que foron descritas anteriormente — tanto as dunha lexislación laxa como as dunha maquinaria institucional disposta a arranxar os pequenos problemas que poidan aparecer, alisando o terreno para o desembarco do investimento, inclusive se iso significa mudar as propias normas para as rebaixar aínda máis.

Por outro lado, a administración pode presentar eses investimentos como unha vitoria da súa xestión, engrosando as cifras macroeconómicas que, como é evidente, deixan á marxe a economía das pequenas empresas locais, e tamén os postos de traballo directos e indirectos a seren creados, precisamente nun momento en que a crise financeira alargou o desemprego de maneira espectacular. Iso para non falar dos beneficios ad personam que este tipo de empresas costuman ofrecer, nunha roda de complicidades que se move permanentemente a rentes da ilegalidade.

A construción dese marco propicio en Galiza, porén, tampouco pode separarse da consideración que os poderes públicos teñen da propia economía galega. Ao carecer dun modelo económico autocentrado, que abra e peche os ciclos produtivos no país e que priorice a sustentabilidade e trate as materias primas en base ás necesidades da poboación e non en base á especulación ou ás contas de resultados de grupos transnacionais, as administracións abonan o terreo para que os investimentos deste tipo se tornen esenciais e se cree unha especie de obriga colectiva de aproveitalos. Esa colocación da extracción — de ouro, metais raros ou lousa, mais o mesmo serve para a enerxía hidráulica e eólica — no centro do taboleiro leva, deste xeito, a un disciplinamento do resto de actividades económicas e mesmo ao desprazamento, moitas veces literal, doutros sectores como o agrogandeiro ou o turístico, cunha forte dependencia do medio natural e en grande medida incompatíbeis coas contrapartidas do extractivismo.

A situación, polo tanto, necesita ser revertida. E, para iso, cómpre activar toda a presión posíbel sobre a administración pública, cuxa obriga legal é, de feito, priorizar os intereses populares, e non o do accionariado de empresas cuxas sedes se encontran a millares de quilómetros do noso país. É, ademais, a vía máis directa, porque, no fin das contas, quen controla politicamente as institucións, quen rebaixa as leis e, en definitiva, converte Galiza en subministradora barata, tamén pode ser removido do seu cargo. E non só pode, senón que debe. Depende de nós. ■

Fins Eirexas é secretario executivo de ADEGA.
Macías López é socio de ADEGA

MARX CONTEMPORÁNEO

José Emílio Vicente

Este 5 de maio cumprem-se 200 anos do nascimento de Karl Marx. Em 1995 Balibar confiava em que no século XX a sua obra seguisse a ser lida nom como um autor do passado, senom plenamente contemporáneo. Só um ano depois do centenário da revoluçom soviética de Outubro, o bicentenário de 2018 apresenta-se como um momento propício para profundizar na leitura de Marx, no que em realidade a commemoraçom funciona como escusa para atender umha necessidade actual e premente.



Tentar resumir o pensamento de Marx nas dimensons deste artigo seria à vez inútil e contraproducente, mas si podemos deixar algumhas anotaçons de relevância para o presente. Num treito do Capital explica-se que toda a ciência seria supérflua se a essência e a forma de aparecimento das cousas coincidesem imediatamente. A sociedade capitalista nom se apresenta à si mesma como um regime baseado na exploraçom, condenado a crises recorrentes e cada vez mais violentas, e fundamentado na violência, senom como um mundo de trabalhadoras livres que desenvolvem as suas habilidades por um preço pactuado no mercado. Marx foi capaz de atravessar as apariências, mas no nosso contexto actual estas seguem a encobrir umha realidade profundamente contraditória; as causas da misséria, as desigualdades ou a violência som frequentemente reduzidas a decisons individuais, à má fortuna geográfica daquelas que nacem em lugares "especializados em perder" — como diria o Galeano — ou mesmo a deficiências no funcionamento do mercado que se solucionarám com "mais mercado" e mais liberalizaçom.

E sem embargo nom parece tam doado ocultar que na nossa época agigantaram-se algumhas das principais contradiçons sinaladas por Marx: existem gigantescas riquezas materiais, que som acumuladas por umha minoria e nom permitem a imensa maioria da povoaçom mundial viver alheia à loita pola supervivência. Nom só estamos moi longe do passo da humanidade — em expressom de Engels — do reino

da necesidade ao reino da liberdade, no que homens e mulheres decidem a sua história com plena consciência, senom que existem ameaças de dimensons incalculáveis. No nosso país é evidente o empobrecimento popular, a extensom do desemprego e a precariedade, nomeadamente na mocidade, a existência de necessidades sociais urgentes em vivenda ou mesmo alimentaçom e mesmo a progressiva precarizaçon dos serviços sociais, de saúde e educaçom. A nível internacional, podemos constatar a expansom do neoliberalismo, o aumento da agressividade do imperialismo, e mesmo a coexistência de crises de profundidade — energética, climática, alimentária — que interactuam e podem empiorar-se entre si.

Mas qual é a essência? O capitalismo é por definiçom um sistema atravessado por crises recorrentes e cada vez mais violentas, mas isto nom implica, como a história demostrou até agora, o seu colapso automático; polo contrário, tende a buscar as soluçons que garantem a sua supervivência. Nas últimas décadas, enfrontado contra um estancamento crónico que apenas pode maquilhar, impuxo um novo patrom de acumulaçom que implica maiores padecementos para a classe trabalhadora, caracterizado pola reestruturaçom e sobreexploraçom do trabalho. As vindeiras décadas só poderiam trazer umha aceleraçom deste processo, no meio de crises mais violentas e recorrentes.

Umha boa parte da povoaçom pode entender, intuitiva e empiricamente, que a situaçom laboral e social nom vai oferecer melhores alternativas; que o sistema político, no que há tempo que a socialdemocracia está completamente assimilada ao neoliberalismo, está desenhado para o benefício do grande capital e nom atende nengumha consideraçom popular; que jamais foi maior a concentraçom do capital numhas poucas corporaçons ou milhonários que acumulam mais riqueza que países inteiros; que existem riscos a medio praço que degradam o planeta e podem empiorar significativamente as condiçons de vida da maior parte da humanidade. Se estas som as condiçons, dispomos de verdade das ferramentas para as interpretar e transformar? Vive Marx e o seu pensamento entre nós? É algo mais que um autor morto há muito tempo, que um nome que acompanha algus títulos — O Manifesto, O Capital — muito mais conhecidos que lidos, que umha imagem nos livros de história? Está Marx presente no nosso país, nos empobrecidos, nas dessempregadas, nas precarizadas, nas expulsadas da sua vivenda ou do sistema educativo?

A morte do marxismo foi decretada já milhons de vezes, tanto polas correntes que alegam que sempre partia de premisas erradas como por aquelas tendências que reconhecem a sua validez para o capitalismo decimonónico ou de começos do século XX, mas advertem da sua obsolescência ou da sua incapacidade para detectar e construír alternativas às mutaçons do imperialismo neoliberal. Como tem sinalado Meiksin Woods, mesmo parte da esquerda, e até chamada marxista, renunciou à luita de classes, tanto como explicaçom do processo histórico quanto como objetivo a superar por meio da revoluçom, o que contribui enormemente a ampliar a ausência de Marx e multiplicar as presenças das pantasmas do capital. Mas estas disposiçons, entre a derrota e o passamento, som tam erradas como ignorantes do coraçom da crítica marxista e nom rematam em mais lugares que a aceptaçom passiva do capitalismo ou a declaraçom da sua reforma como único horizonte possível.

Frente a aqueles que consideram obsoleto o marxismo ou proponhem preteri-lo para o futuro em atençom às tarefas consideradas "urgentes", sempre é tempo de tomar Marx a sério, assim como o conjunto do legado do movimento socialista. Devemos suscitar certa provocaçom intelectual, atravessar também as apariências do nosso tempo e inverter a lógica que assegura, implicita ou explicitamente, que nom é o momento de estudar nem aplicar Marx. De facto, o marxismo é a única teoria que pode oferecer explicaçons para a grande transformaçom capitalista que estamos a viver nas últimas décadas, que apenas pode tentar ocultar umha crise sistémica e estrutural. Construír o socialismo, sem nos deixar abater pola correlaçom de forças imediatas, nom é assim arqueologia política nem historicismo, senom umha tarefa actual para as comunistas que actuam na Galiza do século XXI, umha necessidade se nos queremos liberar do maior assassino da história.

Ademais, o marxismo nom é só umha interpretaçom crítica das projecçons históricas do capitalismo, senom também umha filosofia de combate, e umha alternativa prospectiva que pretende transformar o mundo através da revoluçom. Este sistema social nom só é histórico e contingente, senom que pode ser superado. Nem o estudo de Marx, mais contemporáneo do que nunca, nem o jogo irresponsável da cita descontextualizada, poderia liberar-nos das nossas próprias tarefas e responsabilidades históricas, que começam pola construçom dum partido revolucionário. A memória e a revitalizaçom de Marx, se som auténticas, só podem viver num único lugar: na loita de todos os povos do mundo polo socialismo. ■

José Emílio Vicente é membro da Executiva Nacional do BNG.

É verdade que no 112 había xa unha tradición de loita sindical. Mais, de que maneira se chega a ese punto en que a única saída é parar?

Carlos Barros: Era inevitábel. É dicir, había un caldo de cultivo real a raíz do traballo de anos do comité de empresa, pero non estaba articulado para ir alén diso. Acabou sendo o traslado — no que se nos ninguneaba — o que fixo que nos tivesemos que lanzar, aínda sen ter claro o horizonte. O traslado acabou por ser "beneficioso" para o colectivo, porque foi o empurrón que faltaba para pór en marcha a enerxía soterrada.

Isa Moares: Por outro lado, foi fundamental superar o medo do inicio. Propuxemos fórmulas para minimizar o impacto económico da greve, alén da caixa de resistencia da CIG, e, sobre todo, fomos moi escrupulosas na tomada colectiva de decisións e nas mensaxes públicas e internas para que todo o grupo se sentise partícipe e cómodo.

Falades do tandem empresa-Xunta. Como se fai unha greve contra dous oponentes?

Susana Camba: É certo que unha greve contra a Xunta é complexa, polo poder que ten. Mais, como se dixo, era inevitábel, contra un ou contra dous. A diferenza só xurdiu no día a día. Ademais, conforme pasaban as xornadas, tamén fomos vendo a Xunta cada vez mais pequena.

C. B.: Tal como se articula o sistema de emerxencias en Galiza sempre vai haber dous patróns, o empresarial e o político. A nosa greve non paralisaba produción ningunha nin producía perdas ao empresario que o fixesen dobrar, así que o modelo convencional non servía. Por outro lado,

A GREVE DO 112

Hai un ano, o persoal do 112 Galiza comezou unha greve indefinida contra a Xunta de Galiza, que pretendía que o plantel se fixese cargo dos custos do traslado á Estrada do Centro de Atención de Emerxencias. 83 días despois, o conflito terminaba con vitoria total das traballadoras. Preguntamos a parte do seu comité de empresa pola experiencia daqueles momentos. Isa Moares, Susana Camba e Carlos Barros son membros do Comité de Empresa e dannos hoxe unha visión directa daquel conflito e das súas aprendizaxes.

Hoxe temos un colectivo que non só perdeu o medo á greve, senón que tamén interiorizou que a loita é útil, que é o camiño

ter dous adversarios diferentes, cos seus intereses, tamén foi unha arma que puidemos usar, explotando os elementos de roce. Agora sabemos que deu resultado, porque criou contradicións entre eles, e iso permitiunos deixarlles claro que canto máis durase o conflito, peor ía ser a súa posición.

I. M.: Iso tamén foi posíbel porque ao durar tres meses deu tempo a que aparecesen esas fendas. O único interese da empresa era non gastar un só euro. A Xunta o que quería era desentenderse, co argumento da privatización. Nós apostamos por resistir e facer ver que aquilo que eles presentaban como un problema laboral era na realidade un problema político. Así foi como os obrigamos a sentar á mesa.

E como se evidenciou ese problema político?

I. M.: O problema político ficaba claro ao ver as consecuencias de que o persoal que xestiona as emerxencias teña unhas condicións laborais cada vez peores. Pero para a estratexia de implicar a Xunta foi esencial gañar o apoio do sector, até entón moi desartellado. Aparecermos ao lado de bombeiros, técnicos de ambulancias, xestoras do 061, etc. xa indicaba que o problema non era "doméstico", e iso obrigaba a Xunta a dar unha resposta pública, mais tamén a quen lle estaba a causar o problema de base.

S. C.: Nese sentido, ao sacarmos o conflito dos limites do 112, convertémolo nunha folga de desgaste tamén para o goberno. Que chegasemos a unha mínima unidade de acción con outros medios de emerxencias ou que a oposición fixese preguntas no Parlamento tamén empurraba no mesmo sentido.

C. B.: Ao convertelo en greve política, ademais atacabamos directamente o modelo de privatización das emerxencias que o PP está a ensaiar en Galiza. A greve visibilizou máis que nunca as súas consecuencias e sacou á luz as vergoñas da Xunta, o que tamén favoreceu que outros profesionais se identificasen coa ela. E aí está unha das grandes vitorias: a día de hoxe temos vías de comunicación e coordenación mutua e permanente no sector.

Diríades que esa vía de solidariedade é o camiño?

C. B.: O feito de estender a nosa loita e involucrar outros grupos deulle valor ao sector en si, amplificou a capacidade ofensiva. Pero ao mesmo tempo foi unha greve orixinal no uso, por exemplo, das redes sociais, en procurar a interacción de xente en principio allea ou na experimentación con novas fórmulas, como o crowdfunding, que permitiu encamiñar a solidariedade financiando a protesta e axudándonos a estendela no tempo. Ao final, ao combinar fortalecemento do sector e incidencia social, o que a Xunta pensaba que era persoal isolado e incapaz de activarse frente ao seu poder total económico, mediático e político acabou por se impor.

S. C.: Partillar ideas e experiencias é a maneira de pór á vista que a loita é útil e, sobre todo, posíbel. Se por riba son experiencias de éxito, aínda máis. Por iso a patronal xoga sempre a dividir e isolar os conflitos. No 112, ao colectivizar todo, houbo persoas que por primeira vez se autorrecoñeceron como parte dunha clase social oposta á da patronal. Unha das reflexións que facemos agora, despois da greve, é sobre como experiencias exitosas se poden pór en contacto con quen está a levar adiante conflitos nas súas empresas ou sectores.

Por último, cal foi o resultado, alén das melloras prácticas nas condicións de traballo?

I. M.: Alén do evidente, o fundamental é que conseguimos compactar o plantel a un nível imposíbel por outra vía. Cada día, os piquetes acababan convertidos en asembleas nas que nos corresponsabilizamos e, en certa medida, nos ideoloxizamos — inclusive movendo persoas que viñan de posicións ideolóxicas opostas. Tamén houbo compañeiras que se activaron moitísimo, asumindo con valentía tarefas de responsabilidade. O resultado foi un proceso de aprendizaxe colectiva impresionante.

S. C.: Realmente comezamos a crer en nós cando vimos do que eramos capaces, e só vimos iso ao que demos o primeiro paso. O que nos atopamos hoxe é un colectivo que non só lle perdeu o medo á greve, senón que tamén interiorizou que a loita é útil, que é o camiño, e que a capacidade colectiva é mais que a suma das capacidades individuais. ■

RECOMENDAMOS

O CANTEIRO DE SEBIL
O Quinteiro do Umia. 2017

A asociación Quinteiro do Umia continúa o traballo de recuperación da figura de Xoán Xesús González, canteiro de Sebil (Cuntis) que estudou maxisterio e dereito en Compostela e que se converteu nun xornalista frenético — fundando varios xornais militantes — e nun dos pioneiros na síntese entre marxismo e a cuestión nacional galega. O canteiro de Sebil foi asasinado en Compostela despois de tentar resistir coas armas o golpe de Estado de 1936, mais o seu exemplo, que fai parte desa memoria colectiva que non debemos perder, fica un pouco máis seguro con este filme que complementa o libro que xa recomendamos na edición anterior.

O JOVEM KARL MARX
Diaphana films. 2017

Raoul Peck dirixe neste filme un relato sobre a estancia de Karl Marx en París e o seu encontro con algunhas das persoas que marcarían a evolución do seu pensamento, de Engels ao socialista utópico Proudhon. O Marx desta fita aínda non escribiu O Capital, mais apresenta xa as bases do que será a súa crítica do sistema capitalista. Un filme que debulla os mecanismos polos que a clase obreira chegou a recoñecerse a si mesma e que, ademais, subsana en parte unha débeda histórica ao colocar Marx, pola primeira vez, como protagonista da trama e non só como referencia de fondo.

PORQUEMEPETA.GAL

"Porque me peta e quero e dáme a gana" son dous dos versos máis coñecidos de Celso Emilio Ferreiro. Agora, sintetizados nunha expresión que tamén usamos decote, dan nome a esta iniciativa que identifica o perigo de extinción do noso idioma e da na nosa identidade colectiva e sitúa a esperanza nas crianzas que, no máis difícil dos contextos, continúan a usar o galego no seu día a día. Porque me peta é unha iniciativa que chega desde Ourense para lles render homenaxe ás nenas e nenos que manteñen o idioma vivo.

O PRECARIADO. UNHA NOVA CLASE SOCIAL?
Fundación Moncho Reboiras. 2017

Neste ensaio, o sociólogo Adrián Sotelo pregúntase polas novas formas de explotación capitalista e somete a debate as teorías posmodernas que proclaman o fin do traballo e sosteñen que a clase obreira está a ser desprazada por un novo suxeito cuxa esencia é a precariedade. Un texto útil para o movemento obreiro e popular, tanto máis neste momento de crise, cuxas conclusións resultan esenciais para navegar e avanzar nun tempo en que máis que nunca o capital aposta por nos isolar e investe en bloquear a autoorganización da nosa clase.

Edra
Café - Bar
Pza. dos Pescadores
CASCO VELLO
VIGO

newroz
döner kebap
especialidade en comida kurda
Locais en Compostela e A Coruña

A PULGA
Teófilo
Llorente
59
VIGO

FERRY
Chao 13
Casco Vello
Vigo

Taberna
"A Pedra"
Rúa Cesteiros, 2
Casco Vello - Vigo
986 43 86 92

libraria
couceiro
Praza de Cervantes · Compostela

16
o·Dezaseis
• Casa de Xantar •
Rúa de San Pedro,16
Teléfonos 981 56 48 80 · 981 57 76 33
15703 Compostela

librouro
Rúa Eduardo Iglesias, 12 · VIGO

LIBRARÍA CARTABÓN
URZAIZ, 125 · 36205 VIGO
Tel.: 986 37 28 83
www.librariacartabon.com
www.cartabonebook.com

BABIECA
RADICAL SHOP
Rúa Truinfo, 2
VIGO
986435497
info@babieca.net
www.babieca.net

A·FOVCE
BODEGÓN
Rúa Ramón Montenegro nº2
LUGO

FALUYA
Bar Faluya
r/Orzan,75. A Coruña

Nâzim Hikmet continúa a ser un traidor á patria

«Nâzim Hikmet continúa a ser un traidor á patria.
Dixo: “Somos a medias unha colonia do imperialismo americano”.
Nâzim Hikmet continúa a traicionar a patria».
Isto publicárono nun xornal de Ancara, a tres columnas e con exclamacións en negra,
nun xornal de Ancara, a carón da fotografía do almirante Williamson,
o almirante americano sorrí de orella a orella dentro dun cadrado de 66 centímetros
América doou 120 millóns de liras ao noso orzamento, 120 millóns de liras.
Hikmet dixo: “Somos a medias unha colonia do imperialismo americano”.
Nâzim Hikmet continúa a ser un traidor á patria».

Si, son un traidor á patria, se vós sodes os patriotas, se vós amades
o voso país, daquela eu son un traidor ao meu país, un traidor á miña patria.
Se a patria son as vosas fincas,
se a patria son as vosas caixas fortes e os talonarios de cheques que gardan dentro,
se a patria é rebentar de fame nas rúas,
se a patria é tremer de frío como un can e no verán retorcerse por culpa do paludismo,
se a patria é chuparnos o sangre vermello nas vosas fábricas,
se a patria son as vosas gadoupas de grandes latifundiarios,
se a patria é o voso catecismo armado de lanzas,
se a patria é a porra do policía,
a patria, os vosos créditos, os vosos salarios
a patria, as bases americanas, as bombas americanas e os canóns da armada americana,
se a patria é non nos liberarmos das nosas podres tebras,
daquela eu son un traidor á patria.
Escriban a tres columnas, con exclamacións en negra:
«Nâzim Hikmet continúa a ser un traidor á patria».

Nâzim Hikmet, 1962